

NOTA DE PRENSA

Terapeutas dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero analizan as súas secuelas

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017 - Hoxe venres 3 e mañá sábado 4 de marzo, os 107 psicólogos e psicólogas que integran a rede dos programas de atención psicolóxica especializada no ámbito da violencia de xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participarán nunha xornada formativa na que analizarán as diferentes presentacións das secuelas da violencia, co obxectivo de poder identificalas e tratalas adecuadamente.

Esta xornada desenvolverase ao longo dos dous días completos no salón de actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e forma parte do programa formativo anual que é de obrigado cumprimento para as psicólogas e psicólogos que integran esta rede.

O Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, así como o programa Abramos o Círculo, dirixido a homes sen condena que desexan erradicar as condutas agresivas nas súas relacións familiares e coa súa parella, son os dous servizos gratuítos que ofrece o COPG a través un convenio coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia. Estes programas permiten abordar de xeito integral esta grave problemática social que permanece tan vixente na sociedade actual; non son recursos paliativos senón que buscan erradicar o problema definitivamente.

A sesión de hoxe centrarase no traballo con vítimas e abordará a comprensión da idealización e o afecto positivo disfuncional no tratamento das vítimas de violencia de xénero. Cuestións como o apego e o trauma, partindo da experiencia obtida no propio Programa de Atención a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, serán algúns dos aspectos que se tratarán.

Na xornada do sábado, os psicólogos e psicólogas centraranse no tratamento de homes con problemas de impulsividade e agresividade, tentando afondar en distintos aspectos importantes para adaptar as intervencións ao usuario.

A docente que imparte esta formación é Dolores Mosquera, psicóloga e psicoterapeuta, directora do Instituto para o Estudo do Trauma e os Trastornos da Personalidade (INTRA-TP) na Coruña, unha institución privada onde traballou durante moitos anos en casos relacionados con traumatización grave. É supervisora acreditada por EMDR Europa e conta cunha ampla experiencia docente a nivel internacional, impartindo seminarios, talleres e conferencias. Ten publicados numerosos libros e artigos sobre trastornos da

personalidade, violencia intrapersonal, trauma complexo e disociación, e é unha experta recoñecida neste campo. Colabora coa Rede Nacional de Psicólogos para a Atención a Vítimas do Terrorismo, así como con IPSE - Intervención Psicolóxica Especializada. Programa de Asistencia Psicolóxica ante Situacións Críticas (vítimas de emerxencias, accidentes, ataques violentos, secuestros e outros incidentes traumáticos).

Atención psicolóxica especializada

Os programas que vén desenvolvendo o Colexio Oficial de Psicoloxía buscan ofrecer uns recursos especializados de elevada calidade para evitar a agresividade na parella e abordando a problemática da violencia de xeito integral, para que tanto o agresor como a vítima saian da espiral na que están inmersos e non recaian en situacións semellantes.

Abramos o Círculo é un programa que ofrece atención psicolóxica especializada e de apoio a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, ao que recorren voluntariamente homes que desexan mudar esta situación e eliminar a agresividade na súa relación coa familia e en especial, coa súa muller. A través deste programa, un total de 71 terapeutas ofrecen información e tamén atención psicolóxica personalizada con dous obxectivos. Por unha banda, previr a violencia de xénero, e pola outra, ofrecer atención e terapia a aqueles homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia, e a comunicarse dun xeito máis adecuado coa súa familia, e en particular, coa súa parella.

O segundo dos programas que se recolle neste convenio é o de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Cento cinco terapeutas por toda Galicia constitúen unha rede amplísima de asistencia que pode atender en menos de 48 horas a calquera muller que o solicite na súa localidade, e ao igual que no anterior programa, coa vantaxe de acudir gratuitamente a un despacho privado que non a identifica como vítima de violencia de xénero e que lle garante a privacidade.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:
981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal